Aprobado, nos termos do acordo pola Xunta de Goberno Local en sesión.
- 5 MAR. 2018
O SECRETARIO XERAL

FERROL

# PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DOS EXPEDIENTES DERIVADOS DO EXERCICIO DA POTESTADE SANCIONADORA DO CONCELLO DE FERROL MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO CON PLURALIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN E SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA (AVH 02002 17/39).

## 1.- OBXECTO DO CONTRATO.

1.1.- O presente prego ten por obxecto a prestación do servizo de colaboración na xestión integral dos expedientes derivados do exercicio da potestade sancionadora do Concello de Ferrol, con exclusión da potestade sancionadora nas materias de urbanismo, tributaria e disciplinaria. Tampouco será obxecto deste contrato a tramitación dos expedientes sancionadores que se deriven do incumprimento dos adxudicatarios dos contratos que suscriba o Concello de Ferrol.

Os traballos obxecto do presente contrato no poderán implicar o exercicio de autoridade nin o dictado de actos administrativos, reservándose as devanditas funcións expresamente aos órganos e funcionarios municipais. En consecuencia, queda expresamente prohibido calquera acto que implique o exercicio de autoridade reservada aos funcionarios públicos, limitándose a eventual adxudicataria do contrato a por a disposición do Concello de Ferrol os medios técnicos e persoais para levar a cabo os traballos obxecto do contrato.

A descrición, características e especificacións das prestacións obxecto do contrato se recollen no Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Xefe do Servizo de Facenda e Patrimonio en data 6 de novembro de 2017 e que se incorporan como Anexo V aos presentes Pregos, formando parte dos mesmos.

As prestacións axustarase ás condicións recollidas neste Prego e no Prego de Prescricións Técnicas, revestindo ambos carácter contractual. No caso de contradición, prevalecerá o disposto no presente Prego, no que se conteñen os dereitos e obrigas que asumirán as partes do contrato.

Consonte o disposto no Reglamento (CE) 213/2008 da Comisión, de modificación do Reglamento 2195/2002 do Parlemento Europeo e do Consello polo que se aproba o Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV), o obxecto do presente contrato identifícase coa seguinte codificación 79500000-9 (Servicios de ayuda en las funciones de oficina).

1.2.- O contrato que se licita califícase como contrato administrativo típico de servizos, consonte o disposto nos artigos 10 e 19 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP), quedando comprendido na definición de contrato público de servizos do artigo 2.1.9 da Directiva 2014/24/UE. Na súa consecuencia, rexirase polo disposto en dito Texto Refundido e, no que non se opoña ao mesmo, polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Contratos (en adiante RXLCAP). Supretoriamente, rexirase polas restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, por normas de dereito privado.

FERROL

1.3.- Atendendo ao disposto no artigo 4 c) da Directiva 2014/24/UE, no Real Decreto Lexislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos e na Orden Orden HFP/1298/2017, de 26 de diciembre, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos para os efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018, están suxeitos a regulación armonizada os contratos de servizos cuio valor estimado sexa igual ou superior a 221.000 €.

Neste senso, este contrato **está suxeito a regulación harmonizada**, atendendo ao seu valor estimado.

Epígrafe 1 do cadro de características.

## 2.- ÓRGANO COMPETENTE.

A competencia orixinaria como órgano de contratación corresponde ao Alcalde-Presidente, consonte o disposto na Disposición Adicional Segunda do TRLCSP e lexislación de réxime local, tendo dita competencia delegada na Xunta de Goberno Local por Resolución de 1 de xuño de 2016 (BOP 09/06/2016).

## 3.- TIPO DE LICITACIÓN. ORZAMENTO ESTIMADO. VALOR ESTIMADO.

### 3.1- TIPO DE LICITACIÓN

Establécese como tipo de licitación unha porcentaxe de participación máxima do 33% nos ingresos efectivos que se leven a cabo nas contas municipais, en período voluntario de cobro, en relación á tramitación dos expedientes obxecto deste contrato.

Os licitadores ofertarán una porcentaxe á baixa respecto de dita participación máxima consonte o modelo que figura como Anexo II aos presentes Pregos.

### 3.2.- ORZAMENTO ESTIMADO

O orzamento estimado do contrato ascende á cantidade de 132.330,00 €/ano co 21% do IVE incluido (109.363,64 €/ano sen IVE) que supoñen 264.660,00 € co 21% do IVE incluido polos dous anos de duración do contrato (218.727,28 € sen IVE). No caso de que, atendendo aos cirterios retributivos sinalados no prego, se excedera o importe da partida, relaizaranse as actuacións presupostarias precisas para antender aos compromisos contractuais que derivan do presente contrato.

### 3.3.- VALOR ESTIMADO

O valor estimado do contrato, consonte o disposto no artigo 88 TRLCSP, tendo en conta a duración inicial do contrato e as eventuais prórrogas ascende á cantidade de 437.454,56 €.

Epígrafe 3 do Cadro de características.

## 4.- FINANCIACIÓN.

Para facer fronte aos gastos derivados da presente contratación, existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 02002-9202-22799, consonte o seguinte desglose estimado:

- Ano 2018: 90.750 € (21% IVE incluído)
- Ano 2019: 132.330,00 € (21% IVE incluído)
- Ano 2020: 41.580,00 € (21% IVE incluído)

**5.- REVISIÓN DE PREZOS.**

Consonte o disposto nos artigos 89 e seguintes do TRLCSP na redacción dada pola Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación e o Regulamento de desenvolvimento aprobado por Real Decreto 55/2017, de 13 de febrero, non procede a revisión de prezos e polo tanto non resulta de aplicación ningunha fórmula de revisión.

Epígrafe 15 do Cadro de características.

**6.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.**

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto, en aplicación do disposto nos artigos 138.2 e 157 a 161 do TRLCSP, para a selección da oferta económicamente máis vantaxosa, con pluralidade de criterios de valoración, suxeito a regulación harmonizada e documentalmente simplificado (substitúese a achega da documentación inicial por unha declaración responsable ou documento europeo único de contratación), seguindo a tramitación ORDINARIA do expediente, prevista nos artigos 109 e 110 do TRLCSP.

**Epígrafes 5 e 6 do Cadro de características do contrato.**

**7.- CONSULTA DE PREGOS E OBTENCIÓN DE COPIAS**

Os interesados poderán consultar os pregos e obter copias no lugar que se indica nos Epígrafes 7 e 8 do Cadro de características.

**8.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR .**

8.1.-Poderán concorrer por si mesmos, ou por medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean incursas en algunha das prohibicións para contratar enumeradas no artigo 60 do TRLCSP e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, requisito este último que será substituído pola correspondente clasificación nos casos en que sexa esixible de acordo co disposto no TRLCSP e no presente Prego.

Os empresarios deberán contar coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cando as prestacións dos mesmos estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito da actividade que, a tenor dos seus propios estatutos ou regras fundacionais lles sexan propios.

A presentación de proposicións diferentes por empresas vinculadas nos termos do artigo 42 do Código de Comercio, suxeitarase ao previsto no artigo 145.4 do TRLCSP.

As empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea terán capacidade para contratar, de acordo co disposto no artigo 58 do TRLCSP e as empresas nos españolas de Estados Signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein y Noruega) terán capacidade para contratar de acordo co disposto na Disposición Adicional 14ª do TRLCSP.

A capacidade para contratar das empresas extranxeiras non comunitarias rexirase polo disposto no artigo 55 do TRLCSP.

8.2.- Poderán así mesmo presentar proposicións as unións de empresarios que se constitúan temporalmente ao efecto, de conformidade co disposto no artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, acumulándose a efectos de determinación da solvencia da unión as características de cada uno dos integrantes nos termos previstos no TRLCSP e artigo 24 RLCAP.

Para a presentación de oferta por parte da UTE os empresarios que a integren deben asumir o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal para o caso de resultar adxudicatarios do contrato consonte o disposto na claúsula 11.B) deste Prego.

A constitución da unión deberá formalizarse en escritura pública dentro do prazo máximo de dez días hábiles (cinco se o procedemento fose urxente) contados dende o día seguinte a aquel no que o empresario a cuxo favor se vaia a efectuar a adxudicación, tivese recibido requirimento consonte establece o artigo 151.2 TRLCSP.

**9.- ANUNCIO DE LICITACIÓN E PERFIL DO CONTRATANTE.**

9.1.-O anuncio de licitación publicarase nos medios indicados no Epígrafe 5.B do Cadro de características do contrato.

9.2.- Coa finalidade de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual os interesados poderán consultar a información referente ás licitacións abertas a través da internet no enderezo que se indica no Epígrafe 8.1 do Cadro de características do contrato.

**10.- PROPOSICIÓNS: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.**

O prazo de presentación de proposicións será de 40 días naturais contados dende a data do envío do anuncio de licitación ó DOUE. Se o último día para a presentación de proposicións coincidise en sábado, domingo ou festivo trasladaráse o seguinte día hábil.

As proposicións para poder tomar parte nesta licitación presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Ferrol (días laborais en horas de 9:00 a 14:00).



INFORMADO FAVORABLEMENTE
O/A Xefe/a do Servizo de Contratación

INFORMADO FAVORABLEMENTE
POR SECRETARÍA XERAL

No caso de que as proposicións se envíen por correo postal o licitador deberá xustificar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante telefax, fax ou telegrama no mesmo día. *Sen a concorrencia de ambos requisitos* non será admitida a proposición se fose recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo de presentación de proposicións. Transcorridos, con todo, 10 días naturais seguintes á indicada data sen terse recibido a proposición, esta non será admitida en ningún caso (artigo 80 RLCAP).

Ningún licitador poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outros se o fixo individualmente nin figurar en máis dunha unión temporal. A contravención destas regras dará lugar á inadmisión de todas as proposicións por él subscritas.

A presentación de proposicións supón por parte do licitador a aceptación incondicionada das cláusulas deste Prego e do Prego de Prescricións Técnicas que rexen o presente contrato, sen salvedade ou reserva algunha.

**Epígrafes 9 e 10 do Cadro de características.**

## 11.- DOCUMENTACIÓN.

Os licitadores presentarán **obrigatoriamente tres sobres pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente**, e coa documentación e requisitos que se relacionan de seguido:

### Sobre A: Subtitulado "Documentación"

No anverso do sobre figurará a mención: Documentación administrativa para a contratación do **SERVIZO DE XESTIÓN DOS EXPEDIENTES DERIVADOS DO EXERCICIO DA POTESTADE SANCIONADORA DO CONCELLO DE FERROL (AVH 02002 17/39)**, mediante procedemento aberto, con pluralidade de criterios de valoración e suxeito a regulación harmonizada (Facer constar os datos requeridos no modelo de sobre que figura como Anexo III)

Conterá a seguinte documentación:

**A) Declaración responsable:**

Declaración responsable do licitador indicando que cumpre coas condicións establecidas legalmente para contratar coa administración comprometéndose a acreditar ante o órgano de contratación, e previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos recollidos na cláusula 21 do presente prego, sendo o momento decisivo para a apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia, o de finalización do prazo de presentación de proposicións, consonte o establecido no artigo 146, apartados 4 e 5, segundo a redacción dada polo artigo 44.2 da Lei 14/ 2013,

INFORMADO FAVORABLEMENTE
O/A Xefe/a do Servizo de Contratación,

INFORMADO FAVORABLEMENTE
POR SECRETARÍA XERAL
Ferrol, 18 X...
O SECRETARIO

de 27 de setembro, de apoio ós emprendedores e a súa internacionalización.

Axustarase ao seguinte modelo:

Número de expediente: **AVH 02002 17/39**
Denominación do Contrato: **SERVIZO DE XESTIÓN DOS EXPEDIENTES DERIVADOS DO EXERCICIO DA POTESTADE SANCIONADORA DO CONCELLO DE FERROL**

**DATOS DA ENTIDADE/EMPRESA LICITADORA:**
CIF:
Nome:
Enderezo postal: rúa o praza, código postal e localidade:
Teléfono:
Fax:
Correo electrónico:

**DATOS DO DECLARANTE:**
NIF:
Enderezo postal:rúa o praza, código postal e localidade:
Teléfono:
Fax:
Correo electrónico:
Nome:
Apelidos:
□ Que actúa en nome propio.
□ Que actúa en representación da empresa segundo a escritura de apoderamento outorgada ante o notario do Ilustre Colexio de........................, don........................en data........................co núm. ...............de protocolo, e inscrita no Rexistro Mercantil de...........................
*(Marcar cun X a opción elexida e cubrir os datos da escritura de apoderamento para o caso de actuar en representación da empresa).*

**DECLARO RESPONSABLEMENTE** que a empresa cumpre coas condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración **COMPROMETÉNDOSE** A ACREDITAR perante o Órgano de contratación, e previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos recollidos na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas *(o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia será o de remate do prazo de presentación de proposicións).*

**AUTORIZANDO** ó órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que foran necesarios para comprobar a veracidade das declaracións feitas.

INFORMADO FAVORABLEMENTE
O/A Xefe/a do Servizo de Contratación,

INFORMADO FAVORABLEMENTE
POR SECRETARÍA XERAL
Ferrol, 18 XAN 2018
O SECRETARIO XERAL

FERROL

| |
|---|
| *Data declaración (dd-mm-aaaa):* |
| *Sinatura declarante.* |

INFORMADO FAVORABLEMENTE
O/A Xefe/a do Servizo de Contratación

B) **Declaración concorrencia á licitación en UTE:**

*Unicamente para o caso de unións temporais de empresarios* deberase incluir, ademáis da declaración individual de cada unha das empresas que formarán a UTE e que se recolle no apartado A) do parágrafo anterior, a indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE, caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP.

Axustarase ó seguinte modelo:

Número de expediente: **AVH 02002 17/39**
Denominación do Contrato: **SERVIZO DE XESTIÓN DOS EXPEDIENTES DERIVADOS DO EXERCICIO DA POTESTADE SANCIONADORA DO CONCELLO DE FERROL**

**DATOS DAS ENTIDADES/EMPRESAS LICITADORAS:** *(identificar a cada unha das empresas que constituirán a UTE)*
CIF:
Nome da empresa:
Enderezo postal: rúa o praza, código postal e localidade:
Teléfono:
Fax:
Correo electrónico:

CIF:
Nome da empresa:
Enderezo postal: rúa o praza, código postal e localidade:
Teléfono:
Fax:
Correo electrónico:

CIF:
Nome da empresa:
Enderezo postal: rúa o praza, código postal e localidade:
Teléfono:
Fax:
Correo electrónico:

INFORMADO FAVORABLEMENTE
POR SECRETARÍA XERAL
Ferrol, 18 XAN 2018
O SECRETARIO XERAL

INFORMADO FAVORABLEMENTE
O/A Xefe/a do Servizo de Contratación,



**DATOS DOS DECLARANTES:** *(para cada unha das empresas que constituirán a UTE)*

Nome:
Apelidos:

☐ Que actúa en nome propio.

☐ Que actúa en representación da empresa................. segundo a escritura de apoderamento outorgada ante o notario do Ilustre Colexio de........................, don........................en data........................co núm. ...............de protocolo, e inscrita no Rexistro Mercantil de..........................

*(Marcar cun X a opción elexida e cubrir os datos da escritura de apoderamento para o caso de actuar en representación da empresa).*

NIF:
Enderezo postal:rúa o praza, código postal e localidade:
Teléfono:
Fax:
Correo electrónico:

Nome:
Apelidos:

☐ Que actúa en nome propio.

☐ Que actúa en representación da empresa................. segundo a escritura de apoderamento outorgada ante o notario do Ilustre Colexio de........................, don........................en data........................co núm. ...............de protocolo, e inscrita no Rexistro Mercantil de..........................

*(Marcar cun X a opción elexida e cubrir os datos da escritura de apoderamento para o caso de actuar en representación da empresa).*

NIF:
Enderezo postal:rúa o praza, código postal e localidade:
Teléfono:
Fax:
*Correo electrónico:*

Nome:
Apelidos:

☐ Que actúa en nome propio.

☐ Que actúa en representación da empresa................. segundo a escritura de apoderamento outorgada ante o notario do Ilustre Colexio de........................, don........................en data........................co núm. ...............de protocolo, e inscrita no Rexistro Mercantil de..........................

*(Marcar cun X a opción elexida e cubrir os datos da escritura de apoderamento para o caso de actuar en representación da empresa).*

NIF:
Enderezo postal:rúa o praza, código postal e localidade:
Teléfono:
Fax:
*Correo electrónico:*

INFORMADO FAVORABLEMENTE
POR SECRETARÍA XERAL
Ferrol
O SECRETARIO XERAL

FERROL

**DECLARAMOS RESPONSABLEMENTE:**
-que concorremos a esta licitación como Unión Temporal de Empresas (UTE).

-que a participación de cada unha das empresas na UTE é como segue:.....................................

-que designamos como representante da UTE a ................

**COMPROMETENDONOS** a constituírnos formalmente en UTE, mediante a elevación de escritura pública, para o caso de resultar adxudicatario do contrato, e acreditalo ante o Órgano de contratación previamente á adxudicación do contrato.

**AUTORIZO** ó órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que foran necesarios para comprobar a veracidade das declaracións feitas.

*Data declaración (dd-mm-aaaa):*

*Sinatura declarante.*

INFORMADO FAVORABLEMENTE
O/A Xefe/a do Servizo de Contratación,

C) **Declaración de empresas vinculadas**.

*Únicamente no suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo*, nos termos a que se refire o art. 145 do TRLCSP, presentarase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social das ditas empresas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

Axustarase ó seguinte modelo:

Número de expediente: **AVH 02002 17/39**
Denominación do Contrato: **SERVIZO DE XESTIÓN DOS EXPEDIENTES DERIVADOS DO EXERCICIO DA POTESTADE SANCIONADORA DO CONCELLO DE FERROL**

**DATOS DA ENTIDADE/EMPRESA LICITADORA:**
CIF:
Nome da empresa:
Enderezo postal: rúa o praza, código postal e localidade:
Teléfono:
Fax:
Correo electrónico:

**DATOS DO DECLARANTE:**

INFORMADO FAVORABLEMENTE
POR SECRETARÍA XERAL
Ferrol, 18 XAN 2018
O SECRETARIO XERAL

Nome:
Apelidos:

☐ Que actúa en nome propio.

☐ Que actúa en representación da empresa segundo a escritura de apoderamento outorgada ante o notario do Ilustre Colexio de........................, don........................en data........................co núm. ...............de protocolo, e inscrita no Rexistro Mercantil de...........................

*(Marcar cun X a opción elexida e cubrir os datos da escritura de apoderamento para o caso de actuar en representación da empresa).*

NIF::
Empresa á que representa:
NIF:
Enderezo postal:rúa o praza, código postal e localidade:
Teléfono:
Fax:
Correo electrónico:

**DECLARAMOS RESPONSABLEMENTE** que concorremos a esta licitación con empresas vinculadas: *(identificar a cada unha das empresas vinculadas)*

- **DATOS DA EMPRESA VINCULADA:**
  CIF:
  Nome da empresa:
  Enderezo postal: rúa o praza, código postal e localidade:

- **DATOS DA EMPRESA VINCULADA:**
  CIF:
  Nome da empresa:
  Enderezo postal: rúa o praza, código postal e localidade:

- **DATOS DA EMPRESA VINCULADA:**
  CIF:
  Nome da empresa:
  Enderezo postal: rúa o praza, código postal e localidade:

*AUTORIZO* ó órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que foran necesarios para comprobar a veracidade das declaracións feitas.

*Data declaración (dd-mm-aaaa):*
*Sinatura declarante.*

**D) Compromiso da empresa, no caso de resultar adxudicataria, de dedicar ou adscribir á execución do contrato, os medios persoais e materiais precisos, en particular, os indicados nas**

INFORMADO FAVORABLEMENTE
O/A Xefe/a do Servizo de Contratación,

*Concello de Ferrol - Unidade de Contratacion*
*Praza de Armas, s/n (15402) Ferrol Tel.981944260*
*CIF: P-1503700-E*
*e-mail: contratacion@ferrol.es*

**cláusulas 8 e 9 do Prego de Prescricións Técnicas.**
Axustarase ó seguinte modelo:

| |
|---|
| Don/ Dona.................................co enderezo en....................segundo DNI número................en nome propio ou en representación da empresa...................................á que representa no procedemento de adxudicación do contrato correspondente ao Servizo de xestión dos expedientes derivados do exercicio da potestade sancionadora do concello de Ferrol (AVH 02002 17/39) COMPROMÉTESE no caso de resultar adxudicatario a adscribir á execución do contrato, os medios persoais e materiais precisos para a súa execución, en particular os indicados nas cláusulas 8 e 9 do Prego de Prescricións técnicas.<br><br>Lugar, data e sinatura |

**E) Declaración, de ser o caso, da % de traballadores discapacitados (non inferior ao 2%) e da % de traballadores discapacitados fixos na plantilla da empresa, aos efectos do disposto na disposición adicional cuarta do TRLCSP e cláusula 19 dos presentes Pregos.**

**F) Índice de documentos que integran o sobre.**

Incluírase dentro do sobre e como primeira páxina un índice dos documentos que o integran.

**SOBRE B subtitulado "Referencias técnicas dos criterios non avaliables mediante cifras ou porcentaxes"**

No exterior do sobre figurará a mención: Referencias técnicas dos criterios non avaliables mediante cifras ou porcentaxes para a a contratación do **SERVIZO DE XESTIÓN DOS EXPEDIENTES DERIVADOS DO EXERCICIO DA POTESTADE SANCIONADORA DO CONCELLO DE FERROL (AVH 02002 17/39)**, mediante procedemento aberto, con pluralidade de criterios de valoración e suxeito a regulación harmonizada (Facer constar os datos requeridos no modelo de sobre que figura como Anexo III)

Neste sobre incluirase a documentación acreditativa dos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor.

**Criterios de valoración recollidos no Anexo IV:**

- **núm. 2** "MEMORIA TÉCNICA"
- **núm. 3** "MELLORAS"

INFORMADO FAVORABLEMENTE
O/A Xefe/a do Servizo de Contratación,

INFORMADO FAVORABLEMENTE
POR SECRETARÍA XERAL
Ferrol, 18 XAN 2018
O SECRETARIO XERAL

**Nota:** Lémbrase ós licitadores que á hora de elaborar ás súas propostas deberán presentar toda a documentación esixida no Anexo IV deste prego así como no Prego de prescricións técnicas e que non deberán facer mención, alusión ou referencia algunha ós criterios de valoración que sexan susceptibles de valoración mediante cifras ou porcentaxes (OFERTA ECONÓMICA).

**SOBRE C subtitulado "Oferta económica-referencias técnicas dos criterios avaliables mediante cifras ou porcentaxes"**

No exterior do sobre figurará a mención: Oferta económica-referencias técnicas dos criterios avaliables mediante cifras ou porcentaxes para a a contratación do **SERVIZO DE XESTIÓN DOS EXPEDIENTES DERIVADOS DO EXERCICIO DA POTESTADE SANCIONADORA DO CONCELLO DE FERROL (AVH 02002 17/39)**, mediante procedemento aberto, con pluralidade de criterios de valoración e suxeito a regulación harmonizada (Facer constar os datos requeridos no modelo de sobre que figura como Anexo III)

Neste sobre incluirase a documentación acreditativa dos criterios avaliables mediante cifras ou porcentaxes.

**Criterio de valoración recollido no Anexo IV:**

- **núm. 1** "OFERTA ECONÓMICA"

A oferta económica deberá axustarse ó modelo do Anexo II.

O licitador se compromete a manter a súa oferta por un prazo mínimo de tres meses contados dende a apertura das proposicións.

**12.- DOCUMENTOS ORIXINAIS E COPIAS.**

12.1.- Poderán presentar documentos orixinais ou copias sempre que teñan carácter de auténticas, conforme a lexislación vixente.

Admitiranse dilixenciadas polo xefe do Rexistro deste Concello e na que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

12.2.- Os licitadores que non resulten adxudicatarios poderán retirar a documentación presentada nos sobres A) "documentación administrativa" unha vez transcorridos sete meses contados desde o día seguinte á notificación da adxudicación ós licitadores, e durante o prazo de trinta días naturais, salvo que a Administración considere oportuno retela no suposto de que interpoñan reclamacións ou recursos, ou exista algunha incidencia administrativa. Transcorrido o prazo para retirar a documentación, a Administración disporá da documentación non retirada polos licitadores, quedando exenta de toda responsabilidade sobre a mesma.

**13.- GARANTÍA PROVISIONAL.**

De conformidade co disposto no artigo 103 do TRLCSP os licitadores quedan dispensados da

constitución da garantía provisional.

**14.- IDIOMA.**

Todos os documentos que presenten os licitadores en idiomas distintos ó castelán ou galego deberán ir acompañados da correspondente tradución a calquera destes idiomas.

De non facelo consideraranse documentos non emendables e non poderán ser obxecto de valoración.

**15.-CRITERIOS DE VALORACIÓN.**

Serán os establecidos no Anexo IV.

**16.- MESA DE CONTRATACIÓN.**

A aprobación da creación e composición dunha Mesa de Contratación están fixados por resolucións da Alcaldía-Presidencia de 17/09/2007 (BOP nº 266 de 17/11/2007) e 18/03/2008 (BOP nº 86 de 15/04/2008), modificadas en canto á súa composición por resolución da concelleira delegada de Economía, Facenda, Empego e RRHH de data 21/07/2015 (BOP nº 166 de 01/09/2015) que actúa por delegación da Alcaldía-Presidencia de data 29/06/2015 (BOP nº 128 de 09/07/2015) e por resolución do Alcalde-Presidente de 5/05/2016 (BOP nº 95 de 20/05/2016).

**17.- EXAME DAS PROPOSICIÓNS.**

APERTURA SOBRE A): Unha vez rematado o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de Contratación procederá á apertura dos sobres A) dos licitadores.

Polo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou omisións emendables, rexeitamento de proposicións e demáis actuacións da Mesa de Contratación), estarase ó disposto no art. 160 do TRLCSP, artigos 21,22 e 25 a 30 do RD 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP e artigos correspondentes do RGLCAP.

Se a Mesa observase defectos ou omisións emendables na documentación presentada polos licitadores, comunicarallo ós interesados, concedéndolles un prazo non superior a tres días hábiles para que subsanen ante a Mesa de contratación os defectos ou omisións. Ó licitador afectado requeriráselle a dita subsanación por medio de fax, teléfono ou correo electrónico e á persoa indicada polo empresario consonte os datos facilitados neste sobre A) para tal efecto.

Todo elo recollerase a correspende acta.

APERTURA SOBRE B): Unha vez cualificada a documentación administrativa presentada e emendada no seu caso, procederase, en acto público, á apertura dos sobres B) "referencias técnicas dos criterios non avaliables mediante cifras ou porcentaxes" e á remisión da dita documentación a informe técnico, que o emitirá, respecto dos criterios que dependa dun xuízo de valor. O acto público celebrarase no lugar, data e hora sinalados oportunamente no Perfil do Contratante.

A presidencia manifestará neste acto o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de inadmisión destas últimas.

INFORMADO FAVORABLEMENTE
O/A Xefe/a do Servizo de Contratación,

INFORMADO FAVORABLEMENTE
POR SECRETARÍA XERAL
Ferrol, 18 XAN
O SECRETARIO XERAL

Antes de iniciar a apertura dos sobres B) invitarase ós licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedéndose pola Mesa ás aclaracións ou contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo dos documentos que non fosen entregados durante o prazo de admisión de ofertas, ou de corrección ou de emenda de defectos ou omisións.

Todo elo recollerase a correspende acta.

APERTURA SOBRE C): A Mesa de Contratación procederá, así mesmo, en acto público á apertura do sobre C) "oferta económica-criterios avaliables mediante cifras ou porcentaxes" dos licitadores, e á remisión da dita documentación a informe técnico que o emitirá, respecto dos factores de adxudicación cuantificables mediante cifras ou porcentaxes. A presidencia manifestará neste acto o resultado da ponderación dos sobres B) e invitarase ós licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedéndose pola Mesa ás aclaracións ou contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo dos documentos que non fosen entregados durante o prazo de admisión de ofertas, ou de corrección ou de emenda de defectos ou omisións. Celebrarase no lugar, data e hora sinalados no Perfil do contratante.

Todo elo recollerase a correspende acta.

Nas distintas fases do procedemento as ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñen, e aínda non se coñece o seu contido, non poderán ser abertos.

En canto ás baixas temerarias se estará ó disposto no Anexo IV deste prego.

A Mesa de contratación, elevará as proposicións presentadas xunto coa acta e valoración ao Órgano de contratación.

**18.- REXEITAMENTO DE PROPOSICIÓNS.**

De conformidade co previsto no artigo 84 do Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas (RD 1098/2001), dos estudos e das análises das ofertas, a Mesa poderá acordar o rexeitamento das proposicións inicialmente admitidas, sempre cando as mesmas e a documentación técnica e/ou económica que conteñan variasen as previsións dos pregos.

A Administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación do criterio establecido no Anexo IV ou declarar deserta a licitación, motivando en todo caso a súa resolución con referencias ó criterio de adxudicación que figura no Prego.

**19.- CRITERIOS DE DESEMPATE.**

De conformidade coa Disposición adicional cuarta do TRLCSP, nos suposto de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación, terá preferencia na adxudicación aquela empresa que posúa na súa plantilla un número de traballadores con discapacidade superior ao 2% (consonte a declaración achegada no sobre A) cláusula F) do prego de

INFORMADO FAVORABLEMENTE
O/A Xefe/a do Servizo de Contratación,

INFORMADO FAVORABLEMENTE
POR SECRETARÍA XERAL

cláusulas administrativas).

Se varias das empresas licitadoras das que tivesen empatado acreditan ter relación laboral con persoas discapacitadas nunha porcentaxe superior ao 2%, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade na súa plantilla.

## 20.-RENUNCIA.

A presentación da oferta vincula ó contratista coa Administración de tal xeito que a renuncia á adxudicación do contrato ou á prestación do servizo feita en calquera fase de tramitación do expediente, faculta á Administración á esixencia de indemnizacións polos danos e perdas causados á Administración contratante e demais consecuencias previstas no TRLCSP.

A renuncia do licitador incurso en ofertas con valores anormais ou desproporcionados ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola Administración, terá as mesmas consecuencias e efectos.

## 21.-ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

**21.1.-** O Órgano de Contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais, consonte o disposto nos artigos 151 e 152 do TRLCSP e requerirá ó licitador que tivera presentado a oferta máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles (cinco se o procedemento fose urxente), que comenzarán a contar dende o día seguinte a aquél no que tivese recibido o requerimento, presente o seguinte:

**A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario:**

**A-1)** Empresario individual: Fotocopia do NIF, Pasaporte ou documento que o substitúa, debidamente compulsada.

**A-2)** Persoas xurídicas:

-Escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regulamenta a súa actividade, inscritas, no seu caso no correspondente rexistro oficial.

- Fotocopia da Tarxeta de Código de Identificación Fiscal (CIF), debidamente compulsada ou que inclúa código seguro de verificación da AEAT.

**A-3)** Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos

INFORMADO FAVORABLEMENTE
O/A Xefe/a do Servizo de Contratación,

INFORMADO FAVORABLEMENTE
C/A Xefe/a do Servizo de Contratación,

que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

**A-4)** Empresas non españolas de estados sinatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein y Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposición comunitarias de aplicación (Disposición Adicional 14 do TRLCSP).

**A-5)** Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o enderezo da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración forma substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de Estados sinatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

**A-6)** Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometimento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometimento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ó foro xurisdicional estranxeiro que puidera corresponder ó licitante (art. 146.1.e do TRLCSP).

**B)** **<u>Poderes</u>**:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá presentar poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre ante a Administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

**C)** **<u>Bastanteo de poderes</u>**:

Os poderes a que se refire o apartado B) da presente cláusula, deberán bastantearse previamente polo secretario da Corporación ou funcionario habilitado do Concello de Ferrol.

O bastanteo devengará o aboamento da taxa por expedición de documentos administrativos

INFORMADO FAVORABLEMENTE
POR SECRETARÍA XERAL

(Ordenanza municipal núm. 7).

D) **Prohibicións para contratar ou incompatibilidades**:

Declaración responsable de que a empresa interesada non se atopa incursa en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 60 do TRLCSP.

Axustarase ó seguinte modelo:

Número de expediente: **AVH 02002 17/39**
Denominación do Contrato: **SERVIZO DE XESTIÓN DOS EXPEDIENTES DERIVADOS DO EXERCICIO DA POTESTADE SANCIONADORA DO CONCELLO DE FERROL**

DECLARO RESPONSABLEMENTE que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, se atopa/n incurso/s en suposto algún de prohibicións de contratar ós que se refire o artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
AUTORIZO ó Órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que foran necesarios para comprobar a veracidade das declaracións feitas.

**DATOS DA ENTIDADE/EMPRESA LICITADORA**
CIF:
Nome:
Enderezo postal (rúa/praza, código postal e localidade):
Teléfono:
Fax:
Correo electrónico:

**DATOS DO DECLARANTE:**
NIF:
Fax:
Correo electrónico:
Teléfono:
Enderezo postal (rúa/praza, código postal e localidade):
Nome:
Apelidos:
Cargo:

*Data declaración (dd-mm-aaaa):*
*Sinatura declarante.*

E) **Acreditación da solvencia económica, financeira e técnica:**

E.1) Económica e financeira: os licitadores deberán acreditar a solvencia económico-financeira a través do seguinte medio:

- Volume anual de negocios no ámbito ao que se refire o contrato, que se acreditará por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario

INFORMADO FAVORABLEMENTE
O/A Xefe/a do Servizo de Contratación,

INFORMADO FAVORABLEMENTE POR SECRETARÍA XERAL
Ferrol, 18 XAN 2018
O SECRETARIO XERAL

INFORMADO FAVORABLEMENTE
O/A Xefe/a do Servizo de Contratación,

estivese inscrito en dito rexistro e, no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empesarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizadas no Rexistro Mercantil. **Se considerará solvente o licitador que acredite un volume anual de negocios que, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluidos, sexa a lo menos unha vez e media o valor anual medio do contrato.**

E.2) Técnica: os licitadores deberán acreditar a solvencia técnica a través do seguinte medio:

- Relación dos principais servizos realizados no curso dos últimos 5 anos, avalada mediante certificados de boa execución, que deberán estar en todo caso vinculados a traballos de idéntica ou análoga natureza e por **un importe anual acumulado no ano de maior execución igual ou superior ao 70% da anualidade media do contrato**. Os certificados deberán reflectir de forma expresa a boa execución e indicar o importe, datas e destinatarios públicos ou privados, non bastando unha mera relación de traballos realizados. Os certificados serán expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por éste ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

E.3) Clasificación: Non resulta esixible. Non obstante os licitadores poderán acreditar a súa solvencia económica e técnica a través da seguinte clasificación: Grupo L, Subgrupo 1, Categoría 1.

**F) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas da Comunidade Autónoma de Galicia e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Excma. Deputación da Coruña.**

Os licitadores que estivesen rexistrados **deberán presentar o certificado** onde se recollan os estremos a que se refire o art. 328 do TRLCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a Administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios coa finalidade de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia: poderanse admitir os datos obtidos deste rexistro por este Concello, por medios telemáticos, a través dos accesos autorizados.

En todo caso deberán presentar unha declaración responsable na que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación (artigo 146.3 TRLCSP).

**G) Documentación acreditativa da efectiva disposición dos medios persoais e materiais que se houbera comprometido a empregar na execución do contrato consonte o disposto nos Pregos de Prescricións Técnicas, o compromiso achegado no Sobre A e a oferta do licitador, debendo achegar:**

INFORMADO FAVORABLEMENTE
POR SECRETARÍA XERAL
Ferrol, 18
O SECRETARIO

- Medios persoais: Orixinal ou copia cotexada da documentación xustificativa da titulación, formación e/ou experiencia esixida xunto co contrato laboral, compromiso de contratación, Tcs ou calquera outra documentación acreditativa da efectiva disposición dos medios persoais.
- Medios materiais: Orixinal ou copia cotexada das facturas de compra, contratos de aluguer ou calquera outra documentación acreditativa da efectiva disposición dos medios materiais. En particular, consonte establece a cláusula 9 dos Pregos Técnicos (MEDIOS INFORMÁTICOS E SISTEMA DE INFORMACIÓN), a empresa deberá acreditar a compatibilidade do seu sistema informático coa aplicación municipal para o volcado de datos. *De non cumprir este requisito a dita oferta resultará rexeitada, continuando o procedemento de contra*tación coa seguinte entidade segundo a orde de puntuación acadada.

**H) Documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado e coa Seguridade Social.**

No mesmo prazo concedido e en relación as obrigas co Concello de Ferrol, infórmase que se solicitarán de oficio e que no caso de non estar ao corrente terá as mesmas consecuencias que o incumprimento das condicións recollidas nesta cláusula e polo tanto se procederá, nese caso, a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte.

**I) Imposto sobre actividades económicas (IAE):**

-Suxeitos obrigados ó aboamento do imposto: deberán presentar orixinal ou copia compulsada do último xustificante de aboamento do imposto, no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato, referido ó exercicio corrente e unha declaración responsable de non terse dado de baixa no dito imposto.

-Suxeitos pasivos que estean exentos do aboamento do imposto: deberán presentar o orixinal ou copia compulsada da alta no Imposto sobre actividades económicas (IAE) no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato e unha declaración responsable indicando non terse dado de baixa no dito imposto así como a causa de exención do aboamento.

As unións temporais de empresarios, unha vez formalizada a súa constitución, deberán presentar orixinal ou copia compulsada da alta no imposto, sen prexuízo da tributación que corresponda ás empresas integrantes da mesma.

**J) Fianza definitiva:**

Documentación acreditativa do depósito na Tesourería Municipal da garantía definitiva por importe de 10.936,36 € correspondentes ao 5% do orzamento anual máximo estimado, excluído o IVE, e polos dous anos de duración do contrato, consonte o disposto no artigo 95.3 do TRLCSP, por calquera dos medios a que se refire o artigo 96 do TRLCSP. A acreditación da constitución da garantía non poderá facerse mediante medios electrónicos.

Epígrafe 11 do Cadro de características.

A administración poderá refusar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades,

INFORMADO FAVORABLEMENTE
O/A Xefe/a do Servizo de Contratación

INFORMADO FAVORABLEMENTE
O/A Xefe/a do Servizo de Contratación

que se atopen en situación de demora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigas derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pagamento. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro for rexeitado pola administración.

K) **Gastos de anuncios de licitación.**

Documentación acreditativa de ter aboados os gastos dos anuncios de licitación nos diarios oficiais e medios de comunicación consonte o disposto na cláusula 23 deste prego.

L) **Escritura de constitución da UTE e NIF:**

Escritura pública de constitución da UTE e NIF correspondente, cando as empresas adxudicatarias concorran en unión temporal.

M) **Xustificación da porcentaxe de traballadores discapacitados en plantilla**

De ser o caso, documentación acreditativa da % de traballadores discapacitados e/ou da % de traballadores fixos discapacitados en plantilla, consonte a declaración achegada no Sobre A) cláusula F).

* ***Lémbrase que a documentación que se achegue deberá ser orixinal ou copia debidamente cotexada consonte o disposto na Cláusula 12 dos Presentes Pregos***.

**21.2.-** Consecuencias da non presentación da documentación requerida nos apartados anteriores, da presentación fóra de prazo ou presentación defectousa:

**A) Documentación subsanable:** se o licitador proposto para a adxudicación non presenta dentro do prazo sinalado no requerimento ó que se refire o apartado 21.1 deste prego, ou presenta defectuosamente a documentación requerida nos apartados **A), B), C), D) E), F), G)** e se fose o caso **L)** e/ou **M)** concedéraselle un prazo de tres (3) días hábiles que comenzarán a contar a partir do día seguinte á recepción do escrito de subsanación, co obxecto de que subsane a dita documentación, presentándoa no Rexistro Xeral do Concello, advertíndolle de que, no caso de que non a presente, ou se a presenta fóra deste novo prazo para subsanar ou defectuosamente, entenderase que o licitador non cumplimentou adecuadamente o requerido e polo tanto que retirou a súa oferta, procedéndose a recabar a documentación sinalada no apartado 21.1 ó licitador seguinte, pola orde en que tivesen quedado clasificadas as ofertas.

**B) Documentación non subsanable:** se o licitador proposto para a adxudicación non presenta dentro do prazo sinalado no requerimento ó que se refire o apartado 21.1 deste prego, ou presenta defectuosamente a documentación requerida nos apartados **H), I), J), K),** entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que tivesen quedado clasificadas as ofertas.

INFORMADO FAVORABLEMENTE
POR SECRETARÍA XERAL
Ferrol

O Órgano de Contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes (tres se o procedemento fose urxente) á recepción da documentación. A adxudicación se notificará ós candidatos licitadores e, simultaneamente, se publicará no perfil do contratante.

## 22.-FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

O contrato formalizarase en documento administrativo:

a) Para o caso de que o contrato non sexa susceptible de recurso especial en materia de contratación no prazo máximo de quince días hábiles (oito días se o procedemento fose urxente) seguintes a aquél en que se reciba a notificación da adxudicación ós licitadores e candidatos.

b) Para o caso de que o contrato sexa susceptible de recurso especial en materia de contratación a súa formalización non poderá efectuarse antes de que transcurran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación ós licitadores e candidatos.

Epígrafe 17 do Cadro de características do contrato.

O órgano de contratación requerirá ó adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días a contar dende o seguinte a aquel no que tivese recibido o requerimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se tivese interposto recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederá cando o órgano competente para a resolución do recurso tivese levantado a suspensión.

## 23.-GASTOS DE ANUNCIOS E TRIBUTOS

O adxudicatario está obrigado a aboar os gastos de publicación de anuncios de licitación, e no seu caso, de anuncios de adxudicación do contrato en boletíns e/ou diarios oficiais e medios de comunicación escrita, cando proceda ou se especifique no epígrafe 19 do Cadro de Características.

Así mesmo, deberá aboar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, se é o caso, sobre o obxecto do contrato. Todos os gastos inherentes á prestacióndo propio servizo (nóminas, seguros sociais, xestoría, seguro de responsabilidade civil, obrigacións tributarias, etc).

## 24.-OBRIGAS XERAIS DO CONTRATISTA

24.1-OBRIGAS XERAIS

a) Cumprir todas aquelas obrigas recollidas nos pregos de claúsulas administrativas e de prescripcións técnicasa.

b) Presentar a factura que se expedirá polos servizos prestados ou bens entregados ante o correspondente rexistro administrativo para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a tramitación da mesma. Para os efectos do que sinala a Disposición Adicional 33ª do TRLCAP, introducida polo Real Decreto Lei 4/2013, do 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, o órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública é a Intervención Municipal, sendo

INFORMADO FAVORABLEMENTE
O/A Xefe/a do Servizo de Contratación
INFORMADO FAVORABLEMENTE
POR SECRETARÍA XERAL
Ferrol 18 XA
O SECRETARIO

o negociado de Patrimonio o destinatario que deberá constar na factura.

A facturación electrónica será obrigatoria sempre que a contía da factura sobrepase os 5.000,00 € e o contratista sexa unha sociedade anónima, unha sociedade limitada, unha UTE ou se trate dunha empresa que teña o seu domicilio social no estranxeiro, nos termos establecidos pola Lei 25/2013, de 27 de decembro, de Impulso da facturación electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.

A factura electrónica deberá conter os datos que figuran na sede electrónica www.face.gob.es, plataforma á que se adscribiu o Concello de Ferrol.

Os códigos correspondentes que se deben incluír na factura son os que figuran no **Epígrafe 21 do Cadro de características do contrato.**

c) Aboar os gastos que dimanen do procedemento, constitución e extinción do depósito definitivo e, en xeral, calquera obriga de tipo tributario.

d) Indemnizar polos danos e perdas que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando ditos danos e perdas fosen ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será ésta responsable dentro dos limites sinalados nas Leis.

e) Executar o contrato pola súa conta e risco.

f) Someterse ás instrucións da persoa a quen o órgano de contratación encomende o control e supervisión do contrato.

g) Someterse para canto se relacione cos seus dereitos e obrigas aos órganos competentes da xurisdicción contencioso administrativa de Galicia, con renuncia expresa a todo foro ou privilexio.

24.2- OBRIGAS ESENCIAIS

*Terán o carácter de obrigación esencial para os efectos previstos no art. 223 f) TRLCSP as seguintes:*

a) As obrigas referentes á adscrición dos medios persoais e materiais que a empresa se houbera obrigado a empregar na execución do contrato, consonte o disposto nas cláusulas 8 e 9 do Prego de Prescricións Técnicas e a oferta do adxudicatario.

24.3- OBRIGAS ESPECÍFICAS

a) O contratista realizará todos os servizos incluídos neste contrato co persoal previsto no prego de contratación e/ou na súa oferta, e garantirá que en todo momento que o servizo se presta co persoal preciso, con independencia dos dereitos sociais dos traballadores (permisos, vacacións, licenzas) ou das baixas que se produzan.

b) O persoal que o adxudicatario destine á execución deste contrato deberá ter a formación e experiencia esixida no seu caso no prego de contratación do contrato e/ou oferta do adxudicatario, en todo caso adecuada ás tarefas que vaia desenvolver en execución deste contrato.

INFORMADO FAVORABLEMENTE
O/A Xefe/a do Servizo de Contratación,

INFORMADO FAVORABLEMENTE POR SECRETARÍA XERAL
Ferrol, 18 XAN
O SECRETARIO XERAL

c) Todo o persoal que o adxudicatario dedique á execución das prestacións obxecto deste contrato deberá estar integrado na plantilla do adxudicatario e non terá vinculación laboral co Concello de Ferrol. Destinarase á execución deste contrato preferentemente persoal xa integrado na plantilla da empresa. O Concello de Ferrol non terá ningunha intervención na selección deste persoal.

d) En ningún caso poderá o adxudicatario organizar as prestacións obxecto do contrato que suscribe de maneira que sexa susceptible de constituir unha unidade económica con identidade propia diferenciada do resto da actividade da empresa.

e) Será responsabilidade do contratista organizar o servizo de maneira que se garanta a prestación íntegra das prestaciones contratadas e á súa vez os dereitos socio laborais de os seus traballadores, sen que o Concello de Ferrol interfira nas decisións que adopte para cada traballador mais aló de asegurarse que en todo momento dispón dos efectivos comprometidos e da correcta execución de todas as prestaciones contratadas.

f) O contratista procurará a estabilidade no empleo do persoal que entre as súas funcións teña a execución deste contrato, garantindo sempre que no caso de substitución de personal se fai con outro que reúna os requisitos de titulación e/ou experiencia esixidos no contrato, dándose conta destos cambios ao responsable municipal do contrato. O personal que preste servizos directos en dependencias municipais deberá dispoñer dalgún elemento distintivo que acredite a súa relación coa empresa contratista.

g) O adxudicatario exercerá de modo real, efectivo e continuo, a dirección do personal que destina á execución do contrato, asumindo todas as obrigas e dereitos inherentes á condición de empleador: negociación colectiva; concesión de permisos, vacacións e licenzas; control da asistencia ao traballo e productividade; pago dos salarios, cotizacións á Seguridade Social e retención do IRPF; cumprimento da normativa en formación e prevención de riscos laborais, etc.

h) O contratista designará un representante que será o único interlocutor entre a empresa e o Concello de Ferrol e velará pola correcta execución das prestacións obxecto do contrato e porque os traballadores destinados á súa execución non realicen para o Concello outras tarefas diferentes ás contratadas. Este responsable da execución do contrato será quen distribúa o traballo entre os demáis empregados da mesma e de a estos as instruccións oportunas, vixiando expresamente que éstos non acatan ordes directas de ningún traballador ou representante municipal. Salvo en casos excepcionais debidamente motivados, o responsable municipal do contrato e o resto do persoal do Concello, únicamente manterá relación por razón da execución do mesmo co responsable designado pola empresa, sin prexuízo da debida relación de cordialidade e colaboración co resto do persoal do adxudicatario no desenvolvemento do seu traballo.

i) A empresa adxudicataria será responsable dos accidentes e danos de calquera tipo e dos posibles perxuízos causados a terceiros; así como daqueles danos que poidan orixinarse pola mala realización dos traballos.

**25.- DEREITOS DO ADXUDICATARIO.**

INFORMADO FAVORABLEMENTE
O/A Xefe/a do Servizo de Contratación,

INFORMADO FAVORABLEMENTE
POR SECRETARÍA XERAL
Ferrol, 18 XAN.
O SECRETARIO XERAL

- Dereito a que o aboamento se realice con arranxo ás cláusulas do presente prego e en todo caso de acordo co sinalado no artigo 216 do TRLCSP e en particular de conformidade co seu apartado 4, segundo a redacción dada ao mesmo pola Lei 13/2014, de 14 de xullo, de transformación do Fondo para a financiación dos Pagos a Proveedores.

- A demora no aboamento pola Administración, producida nos termos do citado artigo 216.4 do TRLCAP, segundo redacción da Lei 13/2014, de 14 de xullo, devengará a favor do contratista os intereses de demora e a indemnización polos costes de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

-Se a factura tivese erro ou omisión ou non fose presentada no Rexistro Xeral do Concello, no prazo para esixir o xuro de demora non se iniciará ata que se emenden os defectos da factura ou se presente no Rexistro Xeral do Concello.

- Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no suposto de que a demora do pagamento fose superior a catro meses, debendo comunicar á Administración con un mes de antelación tal circunstancia, aos efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse de dita suspensión, nos termos establecidos no artigo 216.5 do TRLCSP.

- Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que do contrato se deriven, si a demora da Administración fose superior a seis meses, nos termos establecidos no artigo 216.6 do TRLCSP.

- Dereito a transmitir os dereitos de cobro, nos termos do artigo 218 do TRLCSP.

**26.-DURACIÓN DO CONTRATO.**

De conformidade co establecido na cláusula 5 do prego de prescricións técnicas, a duración do contrato será de dous anos prorrogables anualmente por outros dous anos máis, sen que a duración total, prórrogas incluidas, poida exceder de catro anos (2+1+1).

O prazo comezará o 17 de marzo de 2018 ou o día seguinte á formalización do contrato si se produce con posterioridade á data sinalada.

A constitución en mora do contratista no precisará de intimación previa por parte da Administración.

Epígrafe12 do Cadro de características.

**27.- FORMA DE PAGAMENTO.**

Para o aboamento estarase ó disposto na cláusula 14 do prego de prescricións técnicas (14.- RETRIBUCIÓN DO ADXUDICATARIO: RÉXIME DE PAGOS).

O aboamento das facturas presentadas polo adxudicatario requerirá o informe favorable da tesourería municipal, constatando a veracidade dos ingresos obxecto de facturación.

Se como consecuencia dalgún recurso tivera que procederse á devolución das cantidades cobradas indebidamente pola Administración, a empresa adxudicataria deberá descontar na factura a porcentaxe

INFORMADO FAVORABLEMENTE
O/A Xefe/a do Servizo de Contratación

INFORMADO FAVORABLEMENTE
POR SECRETARÍA XERAL
Ferrol, 18 XAN 2018
O SECRETARIO XERAL

*Concello de Ferrol - Unidade de Contratacion*
*Praza de Armas, s/n (15402) Ferrol Tel.981944260*
*CIF: P-1503700-E*
*e-mail: contratacion@ferrol.es*

correspondente.

Epígrafe 13 do Cadro de características.

## 28.- CUMPRIMENTO NORMATIVA LABORAL E DE SEGURIDADE SOCIAL.

O adxudicatario está obrigado a contratar pola súa conta segundo a lexislación vixente e dar de alta a tosos os seus empregados na Seguridade Social.

Será obriga do adxudicatario o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, Prevención de Riscos Laborais e Hixiene no Traballo, así como calquera de carácter xeral, sen que se derive responsabilidade ningunha para o Concello de Ferrol.

No ámbito laboral, o contratista se obriga a celebrar co persoal ó seu cargo, para os efectos de realización do obxecto do contrato, o contrato de traballo que determine a normativa aplicable,e cumprirá con todo o disposto para tal efecto polas disposicións legais vixentes en materia laboral en todos os seus aspectos, incluídos os de Previsión e Seguridade Social e o convenio colectivo do sector.

O Concello poderá recabar información relativa ó cumprimento destas obrigas, quedando o contratista obrigado a facilitala.

O establecido nos parágrafos anteriores se considera obriga contractual esencial e polo tanto o seu probado incumprimento será considerado falta moi grave e podería dar lugar á resolución do contrato.

O Concello non adquirirá obriga xurídico-laboral ningunha respecto do dito persoal nin durante a vixencia do contrato nin a partir da súa extinción ou como consecuencia dela, polo que non asumirá o dito persoal nin lle aboará cantidade ou indemnización algunha por tal extinción ou outra causa. O persoal empregado polo contratista non terá ningún tipo de relación laboral con este Concello.

## 29.-PRÓRROGAS.

Se o atraso na execución da prestación de servizos fose por causas non imputables ó contratista e este ofrecese á Administración cumprir o seu compromiso se se lle concede unha prórroga, o órgano de contratación poderá concedela por un prazo que sexa cando menos igual ao tempo perdido, de non ser que o contratista solicitase outro menor.

## 30.- INCUMPRIMENTO DO CONTRATO E PENALIDADES.

O contratista está obrigado ó cumprimento do contrato, con estrita suxeición ó prego de claúsulas administrativas e prego de prescricións técnicas, á oferta presentada e ás ordes que na súa interpretación puidese darlle o Concello para a mellor prestación do servizo.

Consonte o disposto no artigo 212 TRLCSP, no presente contrato establécense específicamente as seguintes penalidades por execución defectuosa e/ou por demora:

Constitúen infraccións leves, que serán sancionadas con multa de ata 3.000 €:

INFORMADO FAVORABLEMENTE
O/A Xefe/a do Servizo de Contratación

INFORMADO FAVORABLEMENTE
POLA SECRETARIA XERAL
Ferrol, 18 XAN 2019
O SECRETARIO XERAL

FERROL

- As accións ou omisións que impliquen mera neglixencia ou descuido por incumprimento das obrigas establecidas e que non ocasionen perxuízo económico.

- O trato incorrecto ou desconsiderado cos particulares.

- O retraso ou cumprimento defectuoso das obrigas establecidas nos pregos que non estean calificadas como graves ou moi graves.

Constitúen infracciónes graves, que serán sancionadas con multa entre 3.001 e 6.000 €:

- A alteración, modificación ou introducción de correccions na documentación e resolucións dos expedientes facilitados á empresa para a súa xestión.

- O incumprimento das disposicións, resolucións e ordes dos órganos municipais competentes cando afecten de modo notorio á prestación do servizo.

- A negativa ou obstrución ás funcións de control ou fiscalización que realicen os funcionarios municipais que teñan atribuido ese cometido.

- Os retrasos e demoras inxustificadas na tramitación dos expedientes, sempre que non causen un perxuízo grave aos intereses públicos.

-O incumprimento das obrigas establecidas nos Pregos que non estean calificadas como leves ou moi graves.

- A comisión de tres ou máis faltas leves de igual ou distinta natureza no mesmo ano.

Constitúen infracciónes moi graves, que serán sancionadas con multa entre 6.001 e 10.000 € ou coa resolución do contrato a xuízo do órgano de contratación:

- O emprego da informacion facilitada á empresa para finalidades distintas das previstas no presente contrato.

- A deficiente xestión ou defectuoso desenvolvemento dos trámites e actuacións materiais de xestión do presente contrato levadas a cabo pola empresa o a inobservancia das instrucións dos funconarios competentes do Concello e, en xeral, aquelas irregularidades ou anomalías que, sendo advertidas fehacientemente e por escrito polos funcionarios competentes, sexan desatendidas, incumpridas ou ignoradas pola empresa adxudicataria.

- Os retrasos e demoras inxustificadas na tramitación dos expedientes, que causen un perxuízo grave aos intereses públicos.

- A comisión de máis de tres faltas graves de igual ou distinta natureza no prazo de un ano.

- A violación da obriga de confidencialidade e salvaguarda dos datos dos particulares.

- A cesión do contrato sen a previa autorización do Concello.

Procedemento

INFORMADO FAVORABLEMENTE
O/A Xefe/a do Servizo de Contratación,

INFORMADO FAVORABLEMENTE
Ferrol, 18 XAN 20..

FERROL

As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación, previa audiencia ao contratista por prazo de 10 días hábiles e faranse efectivas mediante deducción das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou, no seu defecto, abonaranse con cargo á garantía do contrato, unha vez sexan firmes en vía administrativa.

## 31.- PRAZO DE GARANTÍA

Establécese un prazo de garantía dun ano dende a realización dos traballos consonte o disposto na cláusula 21 do prego de prescricións técnicas.

Se durante dito prazo se acreditase a existencia de vicios ou defectos terá dereito a Administración a reclamar do contratista a reposición dos que resulten inadecuados ou á reparación dos mesmos se fose suficiente.

**Epígrafe 18 do Cadro de características.**

## 32.-DIRECCIÓN DO CONTRATO. CONTROL E SUPERVISIÓN.

**32.1-** Consonte a cláusula 7 (CONTROL DOS TRABALLOS) do prego de prescricións técnicas as funcións e actividades que se describen nel realizaranse baixo a dirección e estricta supervisión do órgano xestor e dos funcionarios que se designen para eso.

A Administración contratante (cláusula 21. DIRECCIÓN DOS TRABALLOS) nomeará ás persoas que terán a condición de "directores dos traballos" e que serán as responsables da comprobación e vixiancia da realización correcta do traballo contratado. Os directores actuarán en coordinación cos servizos de Policía, Intervención e Tesourería e terán as funcións que na devandita cláusula se describen.

O Órgano de Contratación, consonte o disposto no art. 52 do TRLCSP, poderá designar un responsable do contrato, ao cal, baixo as ordes da Alcaldía-Presidencia e/ou Concellería Delegada, corresponderalle supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias coa finalidade de asegurar a correcta realización da prestación pactada, sendo da súa competencia esixir o cumprimento estrito do contrato, para o cal poderá, en calquera momento, propoñer os métodos e medios necesarios para a súa consecución se os establecidos non ofrecesen resultados óptimos.

**32.2-** Asimesmo, a empresa adxudicataria designará á persoa responsable depedente da mesma, que sexa interlocutor ante o Concello en tódolos aspectos e incidencias que presente a execución do presente contrato, tal e como esixe a cláusula 8 (MEDIOS HUMANS E MATERIAIS).

## 33.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA

A garantía definitiva non será devolta ou cancelada ata que se teña cumprido satisfactoriamente o contrato ou resolto éste, sen culpa do contratista (artigo 102 do TRLCSP).

## 34.- MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

INFORMADO FAVORABLEMENTE
O/A Xefe/a do Servizo de Contratación,

Unha vez perfeccionado o contrato o órgano de contratación so poderá introducir modificacións por razóns de interese público e de conformidade co artigo 219 e co establecido no Título V do Libro I do TRLCSP debendo formalizarse en documento administrativo ditas modificacións (artigo 156 do TRLCSP).

Consonte o disposto na cláusula 4 do PPT, no caso de que atendendo aos criterios retributivos sinalados en dito Prego, se excedera o importe da partida, realizaranse as actuacións orzamentarias precisas para atender aos compromisos contractuais que derivan do presente contrato.

Para tales efectos a correspondente modificación deberá tramitarse antes de que se esgote o orzamento máximo inicialmente aprobado reservándose a tal fin o crédito necesarioa para cubrir o importe máximo das novas necesidades, segundo o que dispón a disposición adicional 34 do TRLCSP.

O procedemento a seguir de cara a substanciar as modificacións será o establecido no artigo 211 do TRLCSP.

**35.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

O abandono do servizo por parte do contratista e as demais previstas nos artigos 223, 224, 308 do TRLCSP cos efectos previstos nos artigos 225 e 309.

Tamén poderán ser causas de resolución as graves e reiteradas deficencias na execución do contrato e as graves e reiteradas deficencias no incumprimento de algún dos compromisos ofertados.

Establécese consonte a cláusula 18 do prego de prescricións técnicas (SUPOSTOS ESPECIAIS DE RESOLUCIÓN DE CONTRATO) que será causa de extinción do contrato imputable ó adxudicatario a falla de idoneidade dos medios persoais adscritos para a execución do contrato, entendéndose que se produce ésta cando para a tramitación dos expedientes se superen os prazos establecidos polas normativas específicas en materia de procedemento.

**36.- CONDICIONS ESPECIFICAS.**

1º) A execución do contrato realizarase por conta e risco do contratista.

2º) Confidencialidade e segredo profesional:

Toda a información facilitada pola Administración ou a obtida polo adxudicatario en relación co presente contrato terá carácter confidencial, debendo o adxudicatario gardar o debido segredo profesional con carácter indefinido, salvo que a Administración o autorice expresamente e para supostos concretos e determinados.

3º) Protección de datos:

O adxudicatario está obrigado a cumprir en todas as fases de desenvolvemento do contrato, no seu remate e con posterioridade ó mesmo, a normativa sobre protección de datos de carácter persoal, sendo responsable de calquera infracción da mesma.

4º) Dereito de uso:

INFORMADO FAVORABLEMENTE POR SECRETARÍA XERAL
Ferrol, 1 X 2018
O SECRETARIO

O Concello terá o dereito de uso por tempo indefinido e con ámbito mundial de todos os estudos, documentos, traballos ou prestacións realizados con motivo do presente contrato, podendo dispoñer en consecuencia dos mesmos para calquera fin ou actividade de interese que estime oportuno.

## 37.- LINGUA VEHICULAR

Todos os documentos que se deriven desta relación de vencellamento entre o Concello de Ferrol, e o adxudicatario redactaránse en lingua galega así como toda presenza pública (rótulos, indicadores na rúa, publicidade de calquera tipo, etc.) que as partes que contraen realicen referentes ó asunto desta contratación.

## 38.- RÉXIME XURÍDICO

-O presente contrato ten carácter administrativo, e ambas partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector público e normas complementarias e no seu caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o regulamento de desenvolvemento; supletoriamente se aplicarán as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

-As cuestións litixiosas que xurdan sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de contratación, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse recurso Contencioso-Administrativo, conforme ó disposto pola Lei reguladora de dita xurisdición, previa interposición, no seu caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

## 39.- RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN. ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO RECURSO

En relación cos contratos de servizo suxeitos a regulación harmonizada, de conformidade co disposto nos artigos 40 e seguintes do TRLCSP, serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación os actos siguientes:

- Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. Se considerarán actos de trámite que determinan a imposibilidade de continuar o procedemento os actos da Mesa de Contratación polos que se acorde a exclusión de licitadores.
- Os acordos de adxudicación adoptados polo Concello.

O recurso especial en materia de contratación deberá iniciarse, tramitarse e resolverse de acordo cas regras previstas no Capítulo VI, do Título I, do Libro I do TRLCSP e, en particular, nos seus artigos 44 a 47.

**Concello de Ferrol - Unidade de Contratacion**
*Praza de Armas, s/n (15402) Ferrol Tel.981944260*
*CIF: P-1503700-E*
*e-mail: contratacion@ferrol.es*

Contra a resolución ditada polo órgano competente para resolver o recurso especial en materia de contratación, sólo caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo conforme ó disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Sen prexuízo da interposición do referido recurso contencioso-administrativo, a resolución será directamente executiva nos termos previstos no el artigo 49 do TRLCSP.

Tendo en conta o disposto no art. 41, apartados 3 e 4 do TRLCSP e segundo o Convenio de colaboración entre o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Comunidade Autónoma de Galicia sobre atribución de competencia de recursos contractuais recollido como anexo na Resolución do 18 de novembro de 2013, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, pola que se dispón a publicación do convenio de colaboración entre o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Comunidade Autónoma de Galicia sobre atribución de competencia de recursos contractuais (DOG núm. 225 do 25/11/2013 e BOE núm. 282 da mesma data), ó órgano competente para a resolución do recurso especial en materia de contratación é o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (TACRC), adscrito ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Este Tribunal actúa con plena independencia funcional no exercizo das súas competencias e correspóndelle o coñecemento dos recursos que se interpoñan contra os actos que se especifican no apartado primeiro desta cláusula (artigo 40 TRLCSP) así como das medidas provisionais que se soliciten conforme ó disposto no artigo 43 do TRLCSP e das cuestións de nulidade nos casos previstos no artigo 37 da cita normativa.

Consonte o disposto no artigo 44 do TRLCSP a presentación do escrito de interposición de recurso deberá facerse necesariamente no rexistro do órgano de contratación o no do órgano competente para a resolución do recurso, é dicir, no Rexistro Xeral do Concello de Ferrol ou directamente ante o Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais para o cal se indica o seguinte enderezo físico así como o enderezo da sede electrónica:

Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales

Avda. General Perón, nº 38

28071 Madrid

*Teléfono: 91 349 14 46*

(*http://tribunalcontratos.gob.es*).

Estaráse ó disposto no *Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais*, en particular, polo que respecta á tramitación electrónica dos escritos de interposición do recurso, entre outros.

INFORMADO FAVORABLEMENTE
O/A Xefe/a do Servizo de Contratación,

INFORMADO FAVORABLEMENTE
POLA SECRETARÍA XERAL
Ferrol, 18 XAN 2018

FERROL

Epígrafe 17 do Cadro de características.

Ferrol, a 17 de xaneiro de 2018.

O xefe do servizo de contratación

INFORMADO FAVORABLEMENTE

Ferrol, 18 XAN 2018

O SECRETARIO XERAL

FERROL

INFORMADO FAVORABLEMENTE
O/A Xefe/a do Servizo de Contratación

## ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS

| | | |
|---|---|---|
| 1. OBXECTO | CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DOS EXPEDIENTES DERIVADOS DO EXERCICIO DA POTESTADE SANCIONADORA DO CONCELLO DE FERROL | |
| | CÓDIGO CPV: | 79500000-9 Servizos de axuda nas funcións de oficina |
| | a) contrato suxeito a regulación harmonizada: X<br>b) contrato non suxeito a regulación harmonizada: | |
| 2. NÚMERO DE EXPEDIENTE | AVH 02002 17/39 | |
| 3. TIPO DE LICITACIÓN. ORZAMENTO MÁXIMO. VALOR ESTIMADO | 3.1.- TIPO DE LICITACIÓN<br>Establécese como tipo de licitación unha porcentaxe de participación máxima do 33% nos ingresos efectivos que se leven a cabo nas contas municipais, en período voluntario de cobro, en relación á tramitación dos expedientes obxecto deste contrato.<br>Os licitadores ofertarán una porcentaxe á baixa respecto de dita participación máxima consonte o modelo que figura como Anexo II aos presentes Pregos. | |
| | 3.2.- ORZAMENTO ESTIMADO<br>O orzamento máximo do contrato ascende á cantidade de 132.330 €/ano co 21% do IVE incluido (109.363,64 €/ano sen IVE) que supoñen 264.660 € co 21% do IVE incluido polos dous anos de duración do contrato (218.727,28 € sen IVE). | |
| | 3.3.- VALOR ESTIMADO<br>O valor estimado do contrato, consonte o disposto no artigo 88 TRLCSP, tendo en conta a duración inicial do contrato e as eventuais prórrogas ascende á cantidade de 437.454,56. | |
| 4. FINANCIAMENTO | Para facer fronte aos gastos derivados da presente contratación, exite crédito na aplicación orzamentaria 02002-9202-22799 consonte o seguinte desglose estimado:<br>– Ano 2018: 90.750 € (21% IVE incluído)<br>– Ano 2019: 132.330,00 € (21% IVE incluído)<br>– Ano 2020: 41.580,00 € (21% IVE incluído) | |
| | -Servizos anuais:<br>-Servizos plurianuais:X | |

FERROL

| | |
|---|---|
| | |
| 5. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN | A.-Aberto: X<br>a) un único criterio (prezo):<br>b) pluralidade de criterios: X |
| | B.- Medio de publicación da licitación :<br>a) DOUE: X<br>b) BOE: X<br>c) BOP: X<br>d) Perfil do contratante: X<br>e) Prensa: |
| 6. TRAMITACIÓN | a) Ordinaria: X<br>b) Urxente: |
| 7. CONSULTA DE PREGOS E OBTENCIÓN DE COPIAS | a) Unidade de Contratación Tel. 981944260 Fax do Rexistro. 981944028<br>Enderezo electrónico: contratacion@ferrol.es<br>b) No Perfil do contratante da páxina web |
| 8. PERFIL DO CONTRATANTE E PUBLICACIÓN DA ADXUDICACIÓN | 8.1. Enderezo páxina web: www. ferrol.es (Contratación-Perfil do contratante) |
| | 8.2. No Perfil do contratante publicarase, coa debida antelación, a data e hora dos actos públicos de apertura dos sobres B) e C). |
| | 8.3. Publicación da adxudicación:<br>a) DOUE:<br>b) BOE:<br>c) no BOP:<br>b) Perfil do contratante: X |
| 9. LUGAR DE PRESENTACIÓN | Rexistro Xeral do Concello de Ferrol en horas de 9 a 14 (de luns a venres).<br>Por correo postal : anuncio obrigatorio ó Órgano de contratación.<br>(Fax do Rexistro Xeral 981944028) |
| 10. PRAZO DE PRESENTACIÓN | 40 días naturais contados dende a data de envío do anuncio de licitación ó DOUE. Se o último día para a presentación de ofertas coincidise en sábado, domingo ou festivo trasladaráse ó seguinte día hábil. |
| 11. GARANTÍA DEFINTIVA | 5% do orzamento anual máximo dispoñible excluído o IVE (109.363,64 €) polos dous (2) anos de duración do contrato e que ascende á cantidade de 10.936,36 € |
| 12. PRAZO DE EXECUCIÓN | Dous (2) anos prorrogables anualmente por outros dous anos máis, sen que a duración total, prórrogas incluidas, poida exceder de catro anos (2+1+1).<br>O prazo comezará o 17 de marzo de 2018 ou o día seguinte á formalización do contrato si se produce con posterioridade á data sinalada. |
| 13. SOLVENCIA OU | Os licitadores acreditarán a súa solvencia económica e técnica consonte o |




INFORMADO FAVORABLEMENTE POR SECRETARÍA XERAL Ferrol, 18 XAN 2018 O SECRETARIO XERAL

INFORMADO FAVORABLEMENTE
O A Xefa do Servizo de Contratación

| | |
|---|---|
| CLASIFICACIÓN | disposto na cláusula 21.1 letra E) dos Presentes Pregos<br><br>**No presente contrato non resulta esixible clasificación. Non obstante, os licitadores poderán acreditar a súa solvencia económica e técnica a través da seguinte clasificación: Grupo L, Subgrupo 1, Categoría 1.** |
| **14. PAGAMENTOS** | **a) Parciais: X**<br><br>b) Non parciais: |
| **15. REVISIÓN DE PREZOS** | a) SI:<br>**b) Non: X** |
| **16. ADMISIÓN DE VARIANTES** | Non |
| **17. CONTRATO SUXEITO A RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN (ART 40 TRLCSP)** | **a) SI: X**<br><br>b) Non: |
| **18. PRAZO DE GARANTÍA** | **1 ano** |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **19. GASTOS DE ANUNCIOS POR CONTA DO CONTRATISTA** | **DIARIOS OFICIAIS** | Tarifa:<br><br>**a) Ordinaria: X**<br>b) Urxente: | **DOUE** | **De balde** |
| | | | **BOE** | **Aprox. 1.000 €** |
| | | | **BOP** | **De balde** |
| | PRENSA | Diario de publicación | La Voz de Galicia | |
| | | | Diario de Ferrol | |

| | |
|---|---|
| **20. TAXAS DO CONTRATO** | **Bastanteo de poder.** |

| **21. FACTURA ELECTRÓNICA: RELACIÓN DE CÓDIGOS** | **OFICINA CONTABLE** | **ÓRGANO XESTOR** | **UNIDADE TRAMITADORA** |
|---|---|---|---|
| | **LA0003872 OC**<br>INTERVENCIÓN MUNICIPAL | **LA0003816**<br>CONCELLEIRO FACENDA | **GE0001674 UT**<br>BIBLIOTECA E ARQUIVO |
| | **LA0003872 OC**<br>INTERVENCIÓN MUNICIPAL | **LA0003816**<br>CONCELLEIRO FACENDA | **GE0001681 UT**<br>CENTRO DE RECURSOS INFORMÁTICOS |
| | **LA0003872 OC**<br>INTERVENCIÓN MUNICIPAL | **LA0003816**<br>CONCELLEIRO FACENDA | **GE0001705 UT**<br>CONTRATACIÓN |
| | **LA0003872 OC**<br>INTERVENCIÓN MUNICIPAL | **LA0003816**<br>CONCELLEIRO FACENDA | **GE0001689 UT**<br>INTERVENCIÓN MUNICIPAL |
| | **LA0003872 OC**<br>INTERVENCIÓN MUNICIPAL | **LA0003816**<br>CONCELLEIRO FACENDA | **GE0001671 UT**<br>ALCALDÍA |
| | **LA0003872 OC**<br>INTERVENCIÓN MUNICIPAL | **LA0003816**<br>CONCELLEIRO FACENDA | **GE0001683 UT**<br>DEPORTES |

INFORMADO FAVORABLEMENTE POR SECRETARÍA XERAL
Ferrol, 18 XAN 2019
O SECRETARIO XERAL

FERROL

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | UNIVERSIDADE |
| | LA0003872 OC<br>INTERVENCIÓN MUNICIPAL | LA0003816<br>CONCELLEIRO FACENDA | GE0001685 UT<br>EMPREGO |
| | LA0003872 OC<br>INTERVENCIÓN MUNICIPAL | LA0003816<br>CONCELLEIRO FACENDA | GE0001688 UT<br>IGUALDADE |
| | LA0003872 OC<br>INTERVENCIÓN MUNICIPAL | LA0003816<br>CONCELLEIRO FACENDA | GE0001690 UT<br>MEDIO AMBIENTE |
| | LA0003872 OC<br>INTERVENCIÓN MUNICIPAL | LA0003816<br>CONCELLEIRO FACENDA | GE0001695 UT<br>REXISTRO XERAL |
| | LA0003872 OC<br>INTERVENCIÓN MUNICIPAL | LA0003816<br>CONCELLEIRO FACENDA | GE0001698 UT<br>SEGURIDADE E TRÁFICO |
| | LA0003872 OC<br>INTERVENCIÓN MUNICIPAL | LA0003816<br>CONCELLEIRO FACENDA | GE0001691 UT<br>PROGRAMA URBAN |
| | LA0003872 OC<br>INTERVENCIÓN MUNICIPAL | LA0003816<br>CONCELLEIRO FACENDA | GE0001692 UT<br>PARTICIPACIÓN CIDADÁ |
| | LA0003872 OC<br>INTERVENCIÓN MUNICIPAL | LA0003816<br>CONCELLEIRO FACENDA | GE0001693 UT<br>PROMOCIÓN CULTURAL |
| | LA0003872 OC<br>INTERVENCIÓN MUNICIPAL | LA0003816<br>CONCELLEIRO FACENDA | GE0001699 UT<br>RECAUDACIÓN |
| | LA0003872 OC<br>INTERVENCIÓN MUNICIPAL | LA0003816<br>CONCELLEIRO FACENDA | GE0001687 UT<br>FACENDA E PATRIMONIO |
| | LA0003872 OC<br>INTERVENCIÓN MUNICIPAL | LA0003816<br>CONCELLEIRO FACENDA | GE0001694 UT<br>RECURSOS HUMANOS |
| | LA0003872 OC<br>INTERVENCIÓN MUNICIPAL | LA0003816<br>CONCELLEIRO FACENDA | GE0001697 UT<br>SECRETARÍA XERAL |
| | LA0003872 OC<br>INTERVENCIÓN MUNICIPAL | LA0003816<br>CONCELLEIRO FACENDA | GE0001672 UT<br>BENESTAR SOCIAL E INMIGRACIÓN |
| | LA0003872 OC<br>INTERVENCIÓN MUNICIPAL | LA0003816<br>CONCELLEIRO FACENDA | GE0001704 UT<br>TESOURERÍA |
| | LA0003872 OC<br>INTERVENCIÓN MUNICIPAL | LA0003816<br>CONCELLEIRO FACENDA | GE0001703 UT<br>URBANISMO E INFRAESTRUCTURAS |
| | LA0003872 OC<br>INTERVENCIÓN MUNICIPAL | LA0003816<br>CONCELLEIRO FACENDA | GE0001700 UT<br>SERVICIO DE VIAS, OBRAS ,ZONA RURAL, MEDIO AMBIENTE, SANIDADE, CONSUMO, CEMENTERIO Y |

INFORMADO FAVORABLEMENTE
O/A Xefe/a do Servizo de Contratación,

INFORMADO FAVORABLEMENTE
POLA SECRETARÍA XERAL
Ferrol, 18 XAN 2013
O SECRETARIO XERAL

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | SERVIZOS |
| 22. OBSERVACIÓNS | No presente caso é:<br>GE0001687 UT<br>FACENDA E PATRIMONIO | | |

## ANEXO II: MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

Don/Dona............................co enderezo na rúa....................núm....concello de...................... teléfono................co DNI núm..........(ou pasaporte ou documento que o substitúa) núm..........................actuando en nome propio (ou en representación de .............................) toma parte no procedemento aberto para a contratación do **SERVIZO DE XESTIÓN DOS EXPEDIENTES DERIVADOS DO EXERCICIO DA POTESTADE SANCIONADORA DO CONCELLO DE FERROL (AVH 02002 17/39)**, a cuxos efectos fai constar:

1º.- Que oferta unha porcentaxe de participación do ............ % nos ingresos efectivos que se leven a cabo nas contas municipais, en período voluntario de cobro, en relación á tramitación dos expedientes obxecto deste contrato.

2º.- Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos pregos do presente contrato.

3º.- Que acompaña a documentación esixida nos pregos do presente contrato.

............................, ................ de ..................de 201

O licitador (asinado e rubricado)

INFORMADO FAVORABLEMENTE
O/A Xefe/a do Servizo de Contratación,

INFORMADO FAVORABLEMENTE
POR SECRETARÍA XERAL
Ferrol, 18 XAN 2018
O SECRETARIO XERAL

FERROL

## ANEXO III:MODELO DE SOBRES

No exterior do sobre A), en forma ben visible, e sen que sexa necesaria a súa apertura, consignarase o seguinte:

**SOBRE A)**: Documentación administrativa para a contratación do **SERVIZO DE XESTIÓN DOS EXPEDIENTES DERIVADOS DO EXERCICIO DA POTESTADE SANCIONADORA DO CONCELLO DE FERROL (AVH 02002 17/39)**, mediante procedemento aberto, con pluralidade de criterios de valoración e suxeito a regulación harmonizada.

- Licitador: Nome e CIF
- Enderezo postal (rúa/praza, código postal e localidade)
- Número de teléfono
- Número de fax
- Enderezo de correo electrónico
- Data e sinatura.
- O licitador

  *(asinado e rubricado)*

No exterior do sobre B), en forma ben visible, e sen que sexa necesaria a súa apertura, consignarase o seguinte:

**SOBRE B)**: Referencias técnicas dos criterios non avaliables mediante cifras ou porcentaxes para a contratación do **SERVIZO DE XESTIÓN DOS EXPEDIENTES DERIVADOS DO EXERCICIO DA POTESTADE SANCIONADORA DO CONCELLO DE FERROL (AVH 02002 17/39)**, mediante procedemento aberto, con pluralidade de criterios de valoración e suxeito a regulación harmonizada.

- Licitador: Nome e CIF
- Enderezo postal (rúa/praza, código postal e localidade)
- Número de teléfono
- Número de fax
- Enderezo de correo electrónico
- Data e sinatura.

INFORMADO FAVORABLEMENTE
O/A Xefe/a do Servizo de Contratación,

INFORMADO FAVORABLEMENTE
Ferrol, 18 XAN 2018

FERROL

| |
|---|
| • O licitador<br>*(asinado e rubricado)* |
| No exterior do sobre C), en forma ben visible, e sen que sexa necesaria a súa apertura, consignarase o seguinte:<br>**SOBRE C)**: Oferta económica-referencias técnicas dos criterios avaliables mediante cifras ou porcentaxes para a contratación do **SERVIZO DE XESTIÓN DOS EXPEDIENTES DERIVADOS DO EXERCICIO DA POTESTADE SANCIONADORA DO CONCELLO DE FERROL (AVH 02002 17/39)**, mediante procedemento aberto, con pluralidade de criterios de valoración e suxeito a regulación harmonizada.<br>• Licitador: Nome e CIF<br>• Enderezo postal (rúa/praza, código postal e localidade)<br>• Número de teléfono<br>• Número de fax<br>• Enderezo de correo electrónico<br>• Data e sinatura.<br>• O licitador<br>*(asinado e rubricado)* |

INFORMADO FAVORABLEMENTE O/A Xefe/a do Servizo de Contratación

INFORMADO FAVORABLEMENTE POR SECRETARÍA XERAL Ferrol 18 XAN 2018 O SECRETARIO XERAL

FERROL

## ANEXO IV: CRITERIOS DE VALORACIÓN

| NÚM | CRITERIO | PUNTOS | SOBRE |
|---|---|---|---|
| 1 | **OFERTA ECONÓMICA**<br><br>O licitador indicará unha porcentaxe á baixa respecto da participación nos ingresos efectivos que se leven a cabo nas contas municipais, en periodo voluntario de cobro, en relación á tramitación dos expedientes obxecto deste contrato. Neste senso establécese unha participación máxima do 33%.<br><br>Avaliarase segundo a seguinte fórmula<br><br>$$\text{Puntuación} = \frac{(\text{Tipo de licitación- oferta empresa}) \times (\text{Puntos do criterio} - 1)}{\text{Tipo de licitación} - \text{Límite da baixa}} + 1$$<br><br>**Límite da baixa**.- O establecido polo artigo 85 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Se entre as ofertas presentadas houbera algunha, ou varias en situación de presunción de temeridade, e a algunha ou a varias se lle aceptase a oferta, o límite da baixa pasará a ser a oferta máis barata das aceptadas. | **Ata 50 puntos** | **C** |
| 2 | **MEMORIA TÉCNICA**<br><br>Atenderase ós seguintes factores:<br><br>**I.-** Equipo humano adscrito á execución do contrato a maiores do mínimo esixido....................................................... Máximo 30 puntos<br><br>Nos termos indicados na cláusula 8 do PPT queda fixado o equipo mínimo nun licenciado en dereito en réxime de xornada completa, valorándose o incremento dese equipo mínimo en base aos seguintes criterios: persoas adscritas, titulación das mesmas e a experiencia profesional en servizos análogos. | **Ata 40 puntos** | **B** |

INFORMADO FAVORABLEMENTE
O/A Xefe/a do Servizo de Contratación,

INFORMADO FAVORABLEMENTE
POR SECRETARÍA XERAL
Ferrol, 18 XAN 2018
O SECRETARIO XERAL

| | | | |
|---|---|---|---|
| | Xustificarase documentalmente a capacitación do persoal a adscribir á execución do contrato mediante a presentación de currículum.<br><br>**II.-** <u>Plan do desenvolvemento dos traballos</u>, atendendo á estructura organizativa do Concello de Ferrol (concellerías de Servizos, Medioambiente e Patrimonio).............................. Máximo 10 puntos<br><br>Analizaránse especialmente os seguintes aspectos:<br><br>-Secuencia de esforzos tendentes a axilizar a xestión en fases iniciais, limitando polo tanto a xestión en fase executiva.<br>-Estudio detallado de todas as opcións dirixidas a mellorar e acortar os tempos de notificación.<br>-Medidas tendentes a axilizar a xestión evitando a prescrición das infraccións ou a caducidade dos procedementos.<br><br>* En todo caso establécese un límite máximo de 10 folios de extensión para o desenvolvemento do dito plan. As entidades que excedan o dito límite, ou que sen excederse recollan contidos non específicos do esixido no prego técnico sufrirán unha minoración na súa valoración deste apartado.<br><br>** Deberanse respectar os mínimos esixidos no prego de prescricións técnicas.* | | |
| **3** | **MELLORAS**<br><br>Terá o concepto de mellora unicamente aquelas achegas dos licitadores que redunden de forma clara e concreta na mellor prestación do obxecto do contrato, atendendo ás características e necesidades do Concello de Ferrol. Concretamente terán este carácter, por esta orde:<br><br>- Toda achega material, tecnolóxica ou de medios que permitan a captación mecánica e automática de feitos sancionables... Máximo 6 puntos.<br>- As que permitan optimizar a actuación dos distintos servizos afectados na tramitación dos expedientes sancionadores... Máximo 2 puntos. | **Ata 10 puntos** | **B** |

INFORMADO FAVORABLEMENTE
O/A Xefe/a do Servizo de Contratación
INFORMADO FAVORABLEMENTE POR SECRETARÍA XERAL
Ferrol, 18 XAN 2010
O SECRETARIO XERAL

*Concello de Ferrol - Unidade de Contratacion*
*Praza de Armas, s/n (15402) Ferrol Tel.981944260*
*CIF: P-1503700-E*
*e-mail: contratacion@ferrol.es*

| | | | |
|---|---|---|---|
| | - As que melloren as garantías, información e dereitos dos interesados......... Máximo 2 puntos. | | |

**ANEXO V: PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS redactado polo xefe do servizo de facenda e patrimonio en data 6 de novembro de 2017.**

INFORMADO FAVORABLEMENTE
O/A Xefe/a do Servizo de Contratación,